



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ACTA Nº 03/2026

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA VINTE E SEIS DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E SEIS.

En Ordes, a vinte e seis de febreiro de dous mil vinte e seis.

Na Sala de Conferencias, Baixos da Alameda, rúa Xoxardo, Ordes, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. JOSÉ LUIS MARTÍNEZ SANJURJO, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D^a. ANA MARÍA SONEIRA LIÑARES
- D. JOSE ANTONIO CABEZA FRAGA
- D. ABEL BLANCO VIQUEIRA
- D^a. SUSANA GARCÍA GÓMEZ
- D^a. YESSICA LÓPEZ VARELA
- D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- D. PABLO VÁZQUEZ CANDAL
- D^a. ALBA VILARIÑO NOGAREDA
- D. PABLO VIDAL RÍOS
- D^a. MARIA VIEITES CALVO.
- D. AVELINO CANDAL FARIÑA
- D. GONZALO VEIRAS CARNEIRO
- D^a. MARÍA MARTÍNEZ VIEITES
- D. MANUEL ANTONIO VILLAVERTRE REY
- D^a. MARÍA CONCEPCIÓN BERDOMÁS GARCÍA
- D^a. NOELIA RIVADAS LÓPEZ

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás dezanove horas e trinta minutos, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procedéndose a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

1. APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Polo Sr. Alcalde-Presidente procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión ordinaria de data 5 de febreiro de 2026, cuxas minutas foron distribuídas coa convocatoria, todo isto ao abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

A acta da sesión ordinaria, de data 5 de febreiro de 2026, resultou aprobada por maioría de dezasete votos a favor, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación.

2. INFORMES DA ALCALDÍA.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Polo Sr. Alcalde non se informa de ningunha actuación municipal.

3. RECOÑECEMENTO DA FIGURA ARTÍSTICA DE MANUEL VIQUEIRA VIEITES “O GAITEIRO DE VILLAVERDE”.

Vista a proposta da Alcaldía, que se transcribe a continuación:

“Por Selma Viqueira Rodríguez, presentouse solicitude de cesión dun espazo municipal para a colocación dunha obra de arte público (busto) de homenaxe e recoñecemento da figura de Manuel Viqueira Vieites “O Gaiteiro de Villaverde”, propoñéndose como posible ubicación a zona peonil existente no fronte do Edificio público Mostra do Traxe Juanjo Liñares, en rúa da Feira, 5, Ordes.

Esta proposta ven acompañada dunha recollida de firmas de apoio a este recoñecemento e homenaxe de máis de trescentas persoas.

Manuel Viqueira Vieites, naceu en Vilaverde (Ordes) 1929-2015. Coñecido como “O Gaiteiro de Villaverde”, foi un referente na música tradicional. Músico autodidacta, era un dos poucos que conservaba a dixitación antiga propia da zona e unha maneira de tocar pechada, complexa e ornamentada moi particular dende a súa infancia. Nos anos noventa fundou unha agrupación musical co seu nome, que compartiu con tres dos seus fillos, percorrendo festas e romarías coas súa música. A maiores tamén fixo unha fonda labor de recollida de pezas tradicionais da zona de Ordes, moitas delas cantadas e arranxadas co seu toque persoal, ás que engadiu composicións propias recopiladas en traballos discográficos.

Considerando que dende o Concello debe colaborar no recoñecemento da figura de Manuel Viqueira Vieites “O Gaiteiro de Villaverde”, como un dos mellores gaiteiros da comarca de Ordes e de Galicia, así como pola súa contribución á conservación, fomento e difusión da música tradicional.

Por todo elo propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Autorizar a colocación na zona peonil existente no fronte do Edificio público Mostra do Traxe Juanjo Liñares, dunha obra de arte público como recoñecemento da figura artística, como un dos representantes da música tradicional galega, de Manuel Viqueira Vieites “O Gaiteiro de Villaverde”, coas características seguintes:

- Material granito do país (silvestre).
- Composición: peza horizontal, pedestal vertical e escultura.
- Medidas: 2100 x 1750 x 500”.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Rivadas López, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que dende o PSOE sempre estarán a favor do recoñecemento de persoas que contribúen ou contribuíron á vida cultural do concello. Esta solicitude está avalada pola veciñanza a través da recollida de firmas polo que van estar a favor.

Intervén o Sr. Villaverde Rey, en representación do grupo político BNG, que sinala que Manuel Viqueira o “Gaiteiro de Vilaverde” é un referente no noso concello, na nosa comarca e no conxunto do país representando a música tradicional, a música propia do noso país. Moi



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

recoñecido polas persoas que están na música tradicional, na que se inclúe, do noso concello, comarca e toda Galicia. Van a votar favorablemente a esta cesión deste espazo para que a familia poida colocar un busto de homenaxe. Hai un punto no que discrepan un pouco, que é cando se di que o concello debe colaborar neste tipo de homenaxes. Consideran que referentes da nosa cultura propia, do noso patrimonio inmaterial non se debe so colaborar, tamén se debe ter a iniciativa. Igual que esta homenaxe faltan moitas outras que non se tiveron en contra ata o de agora. Tamén o ven con optimismo, tal vez o goberno actual teña en consideración seguir con este tipo de homenaxes. Desde este grupo político tenden a man a colaborar. Consideran moi importante este tipo de cousas, por que hai que facer cousas para vivir ben hoxe e tamén para vivir ben mañá, para que as xeracións que veñen atrás coñezan o noso patrimonio inmaterial, a nosa lingua e a nosa cultura.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que agradece en nome da familia a unanimidade de toda a corporación para que poidan levar a cabo este recoñecemento. Está moi ben todo o que se acaba de dicir, pero este grupo ten demostrado que máis alá de calquera tipo de cuestión ideolóxica nunca tivo ningún problema para votar favorablemente ao recoñecemento de calquera persoa durante todos estes anos que formaron parte do goberno municipal. Esta moi ben que se faga ese chamamento a cousas futuras. A medida que vaian vindo as propostas serán analizadas. Moitas das iniciativas que a día de hoxe saíron adiante foron sempre por iniciativa deste grupo e sempre se conseguiron sacar adiante polo menos co apoio maioritario desta corporación.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de dezasete votos a favor (9 grupo político PP, 6 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

Autorizar a colocación na zona peonil existente no fronte do Edificio público Mostra do Traxe Juanjo Liñares, dunha obra de arte público como recoñecemento da figura artística, como un dos representantes da música tradicional galega, de Manuel Viqueira Vieites "O Gaiteiro de Villaverde", coas características seguintes:

- Material granito do país (silvestre).
- Composición: peza horizontal, pedestal vertical e escultura.
- Medidas: 2100 x 1750 x 500.

4. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 5 de febreiro de 2026, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

5. MOCIÓNS.

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde-Presidente pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Polos grupos políticos non se presenta moción algunha.

6. ROGOS E PREGUNTAS.

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde-Presidente abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén a Sra. Rivadas López, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:

- A pista que dá acceso á depuradora situada na zona das Casillas atópase nun estado moi deficiente, presentando fochancas e un firme deteriorado que dificultan a circulación.

Trátase dunha vía que dá acceso a unha infraestrutura básica e esencial para o municipio, polo que non resulta admisible que o seu estado non sexa o axeitado para garantir un acceso seguro e en condicións óptimas.

Por todo o exposto, rogamos ao goberno municipal que proceda á revisión e reparación integral desta pista, adoptando as actuacións necesarias para asegurar un acceso digno e seguro á depuradora das Casillas.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que ese vial é parte da propia EDAR, xa está avisada a concesionaria do servizo que fai o rebacheo cada certo tempo.

- Pais e nais do Concello manifestaron as súas queixas polo deficiente estado do firme nos parques infantís da vila.

Rogamos:

Que se adecúen ditos espazos.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que vai a realizarse este mantemento nas vindeiras semanas.

- A varanda situada a carón da CP-3802 leva pendente de ser repostada tras varios meses despois dun accidente de tráfico.

Polo exposto, rogamos ao Sr. Alcalde axilizar dita reposición co fin de garantir a seguridade peonil.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a quen lle corresponde facelo é á Deputación Provincial. O vixilante está á espera de que lle dean orde. Agradece que lle pidan axilidade aos seus compañeiros na Deputación Provincial. Remitiuse o informe da policía local identificando o vehículo que causou os danos, o único que teñen que facer é proceder ao arranxo correspondente. Leva moitas semanas así.

- No termo municipal de Ordes existen varios invernadoiros que presentan un estado de conservación deficiente, con plásticos deteriorados e parcialmente desprendidos.

Nos últimos días, coincidindo co temporal, parte destes plásticos foron arrastrados polo vento ata a estrada N-550, xerando unha situación de risco tanto para os vehículos que circulan por esta vía como para os peóns.

Por todo o exposto, rogamos ao goberno municipal que adopte as medidas oportunas para requirir ás persoas propietarias o correcto mantemento destas instalacións e, de ser preciso, actúe de maneira subsidiaria para evitar que esta situación se volva a repetir e poida provocar un accidente.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que dende finais de xaneiro están avisados os titulares dos terreos. Este espazo forma parte do sector de solo S-05. Aprobouse o proxecto de urbanización fai dúas semanas. Xa retiraron os máis perigosos unha vez que se lles fixo chegar a primeira comunicación. Non se pode entrar con maquinaria pesada á parcela por que está moi mollada. Cando mellore o tempo procederán á retirada completa dos invernadoiros, así como dos plásticos.

- A pista que dá acceso á Igrexa de Santa Cruz de Montaos presenta un pésimo estado de conservación, con numerosas fochancas.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Que se amañe dita situación.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que está é unha competencia da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia. Teñen o primeiro aviso en febreiro de 2022, desde entón catro avisos máis. Non so avisos desta vía de servizo, senón tamén doutras deste termo municipal, todas elas a día de hoxe sen arranxar. Na última xuntanza co Subdelegado do Goberno foi unha das cuestións que trataron.

Intervén a Sra. Martínez Vieites, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- Logo de catro días sen choiva, un tramo da pista que vai dende a N-550 cara a igrexa ou A Pedreira en Leira, á carón do aparcadoiro do hotel Barreiro, atópase encharcada e corre un rego de auga por ela, tal e como se pode apreciar nas imaxes.

Este feito foi posto en coñecemento do concello, formulando un par de incidencias a través da aplicación do concello de Ordes, tendo resposta no día de onte.

É polo que instamos ao señor Alcalde ao seguinte:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

A revisar e solucionar as causas desta situación anómala que se produce na citada pista.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que houbo un problema na comunicación de incidencias a través da aplicación, está coa súa actualización. Non é que estea arranxada, deixou de chover. É un pozo de Unión Fenosa que está no centro da estrada cando lle entra a auga e chega á cota desborda para fora. Hoxe abriuse e aínda ten auga dentro. Vai a facerse un informe e falar coa persoa de contacto da zona para ver que é o que pode estar pasando aí. Se fora un problema das traídas privadas que hai na zona houbera rebentado a estrada, non é o caso. A auga sae pola tapa do pozo. Verán como se pode resolver.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- Desde o BNG, temos trasladado en numerosas ocasións o nulo mantemento que se está a facer sobre as redes municipais de recollida pluviais, onde existen numerosos entullos que impiden o bo funcionamento das mesmas.

Aínda que estamos a contar con un inverno moi chuvioso, non se pode negar que un axeitado mantemento das redes de pluviais, evitaría que se produzan asolagamentos sobre as vías públicas municipais, como os que se amosan nas seguintes fotografías.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A que se proceda a revisar e retirar os entullos existentes nas redes de pluviais municipais.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que esa incidencia foi trasladada o 18/02/2026 á concesionaria do servizo e foi reparada. Entregouse a relación de todas as revisións que tiñan feitas. O ano pasado o 28/03 e 18/10 fíxose a petición de mantemento das redes de acordo ao contrato asinado. Estarán vixilante para que cumpran na medida do posible. Son centos os sumidoiros que hai que manter, hai un plan de traballo por rúas, pode haber unha incidencia en calquera delas.

- Fai un ano, desde o BNG defendemos un rogo no que se demandaba ao alcalde, entre outras cousas, "Proceder de xeito urxente con repintado da sinalización horizontal nas rúas da vila, debido ao estado de deterioro no que se atopa, chegando a dificultar seriamente a súa visibilidade".

A resposta do alcalde a este respecto, foi "O repintado, formalizouse un contrato o ano pasado, non puideron vir, a pintura está na nave fai uns meses, a empresa non cumpre co día que se compromete, o tempo tampouco acompañou".

Naquel pleno, insistimos na necesidade de proceder con estas tarefas, e que polo menos, de maneira urxente, se procedese co repintado dos pasos de peóns.

Pasou outro ano, e desde aquel entón, co único que se procedeu foi co repintado dos pasos de peóns, mais o resto da pintura, volveu a quedar na nave almacenada 12 meses mais, nos que viñeron un lote de días axeitados para poder levar a cabo estas tarefas sen escusas, mais como acontece coa limpeza e desentullo das redes de



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

pluviais municipais, as tarefas de mantemento non caben na axenda deste goberno municipal.

Con dar unha volta polo rueiro da vila, abonda para saber cal é a situación, mais un par de imaxes abondan para reflectilo.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A que se proceda co repintado da sinalización horizontal da vila.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se toma en consideración. Aclarar unha cuestión. A pintura nese momento era especificamente para ese contrato e executouse despois. É certo que terlle moito insistido e que nesas datas o tempo non serviu, era para ese contrato. Xa hai un orzamento para facer actuacións no ano 2026, entre os que está o aparcamento do Campo da Feira. Non é certo que estea o cen por cen da vila mal, é certo que hai varias rúas que están moi mal. Irase actuando nelas ao longo do ano segundo o orzamento. Non hai unha previsión temporal. Tampouco é fácil que veñan as empresas, teñen moita demanda e compromisos coas empresas que lle dan traballo. Como é habitual sempre se fixeron algúns destes traballos co persoal contratado con cargo ao PEL.

- Desde o BNG, levamos tempo amosando a nosa preocupación con respecto á situación da emisora municipal (radio Ordes), onde temos a impresión de que se está a deixar morrer por parte do goberno municipal.

Nos seus anos, desde a emisora emitíanse diversos programas, tanto en horario de mañá coma de tarde, con numerosos contidos de elaboración propia.

A situación foi empeorando pouco a pouco, ata chegar aos últimos anos, onde rematou por converterse nun repetidor da radio Galega, desconectando da mesma unicamente para emitir un informativo ás 14:00 e retransmitir os plenos da corporación municipal.

Desde o BNG temos solicitado en diversas ocasións que se convocase o Consello da Emisora Municipal, para tratar de afrontar a situación e procurar solucións de cara a fortalecer, recuperar ou mesmo resucitar, esta ferramenta de comunicación, patrimonio de tódolos/ás veciños/-as de Ordes.

Mais a pesares destas solicitudes, o alcalde non accedeu a dar cumprimento ao disposto no artigo 7º Regulamento de Organización e Funcionamento da Emisora Municipal de Ordes, nin tampouco semella que se levase a cabo algún tipo de acción para mellorar a situación que está a atravesar Radio Ordes.

Se no pasado e con menos recursos, foi posible contar cunha radio que funcionaba, no presente tamén, sempre que exista un interese real en facelo posible.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

Que proceda coa convocatoria do Consello da Emisora Municipal, co gallo de informar sobre a situación da emisora municipal, proceder cunha análise da mesma, así como estudar posibilidades e accións para a súa recuperación.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o Consello da EM convocarase no segundo trimestre deste ano. Solicitouse o informe ao técnico de comunicación e prensa. Durante un



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

longo período de tempo non houbo ningún persoal prestando servizos na EM. Agora hai unha persoa.

Por último, ábrese unha quenda de formulación de preguntas polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén a Sra. Rivadas López, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que formula as preguntas seguintes:

- En relación coa modificación da Ordenanza fiscal número 11, reguladora da taxa por entrada de vehículos e vaos permanentes, pregúntase:

¿Cantas novas autorizacións se prevían expedir por parte do Concello dende a entrada en vigor?.

¿Cantas novas autorizacións se expediron, a día de hoxe, dende a entrada en vigor da normativa?.

¿Emitiuse algunha denuncia por incumprimento da normativa neste caso específico dende a entrada en vigor da modificación?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a pregunta non está correctamente formulada. Se é dende a entrada en vigor da modificación da ordenanza está so se plantexou para fixar a cota tributaria diferenciada entre a Vila de Ordes e o Mesón do Vento. Os traballos de inspección pola policía local que deron lugar á modificación da ordenanza comezaron no ano 2024, foron 128 as entradas a garaxe susceptibles de notificación para que solicitasen a autorización de vao, 30 no núcleo de Mesón do Vento e 98 no núcleo urbano de Ordes. Na anualidade 2025 tramitáronse 56 expedientes, altas, baixas e transmisións de titularidade. O número de altas novas foron 25. En Mesón do Vento non se ían tramitar ata a entrada en vigor no mes de xaneiro da modificación da ordenanza fiscal. A día de hoxe son 3 as outorgadas.

- Nos últimos meses producíronse a caída de dúas árbores no centro da vila, unha na alameda —ás portas das festas de Ordes— e outra máis recentemente no Parque da Constitución.

Estes feitos xeraron preocupación entre a veciñanza.

Ante esta situación, fórmulanse as seguintes preguntas:

¿Realizouse algunha revisión técnica do estado das árbores nestas zonas tras os incidentes?.

¿Existe un plan periódico de inspección e mantemento da arboleda nos espazos públicos do municipio?.

¿Detectáronse outras árbores que poidan presentar risco de caída?.

¿Que medidas preventivas se van adoptar para garantir a seguridade da cidadanía?.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa se informou previamente que existe unha análise do estado da arboleda da praza da Alameda que deu lugar á decisión de tala desas cinco árbores segundo a indicación dos técnicos. Todos os anos se revisa o arbolado. A incidencia na árbore do fondo da Alameda non era precisamente o que presentaba unha maior incidencia de caída. Ás árbores que están secas ou danadas vanse retirando. No último contrato asinado dúas talas foron no Campo da Feira, do outro lado do parque infantil, están empuxando o muro enriba do río, outro na parroquia de Ardemil cerca do local social que está seco. Cando se ve unha incidencia con persoal municipal ou empresas externas tómanse as decisións.

- Este grupo político recibiu queixas de veciños e veciñas que manifestan que non puideron recibir atención no centro de saúde durante os cortes de subministración eléctrica.

Esta situación fai sospeitar que o centro de saúde podería non dispoñer de xeradores suficientes para garantir o abastecemento eléctrico de toda a instalación (centro de saúde e punto de atención continuada).

É polo que se pregunta:

¿Con cantos xeradores conta a instalación?.

¿A electricidade que subministran é suficiente para satisfacer as demandas da instalación (mantemento da temperatura de neveras con medicación, iluminación da instalación, funcionamento de ferramentas de avaliación e diagnóstico, ...etc.)?.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal, que sinala que se puxeron en contacto co centro de saúde e nos comunicaron que funcionan perfectamente as neveras e ferramentas de diagnóstico. Hai un grupo electrógeno que subministra enerxía ás consultas, urxencias e ao ascensor.

- Un cartel na entrada da biblioteca municipal informa do peche deste servizo os días 19, 20, 23, 24, 25, 26 e 27 de febreiro en horario de mañá

É polo que se pregunta:

¿Cal é a causa do peche?.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de educación, que sinala que o peche foi do préstamo debido a unha indisposición da técnico da biblioteca durante a xornada de traballo. O préstamo está a realizarse pola tarde. A biblioteca non está nin estivo pechada.

- En relación á Concellería de xuventude, novas tecnoloxías e voluntariado, pregúntase á Concelleira responsable:

¿Existe actualmente un Plan Municipal de Xuventude?.

En caso afirmativo, ¿que accións concretas contempla?.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

¿Que actividades estables se están a ofrecer á xente nova máis alá de eventos puntuais?.

¿Que medidas se están a adoptar para favorecer o emprego e o emprendemento xuvenil no municipio?.

¿Mantense contacto regular coas asociacións xuvenís? Cantas reunións se celebraron na lexislatura vixente?.

¿Cal é o orzamento anual destinado a políticas de xuventude e que porcentaxe foi executada?.

Intervén a Sr. Nogareda Veiras, concelleira delegada de xuventude, que sinala que actualmente non existe un plan municipal de xuventude, están acollidos ao plan estratéxico de xuventude da Xunta de Galicia. As actividades estables, a xuventude é una materia transversal vinculada a todas as actividades que se van dende as concellerías delegadas de cultura, deportes e educación. Ademais fanse saídas en período non lectivo. Todos os mozos dispoñen de asesoramento á hora de solicitar becas ou participar nos campamentos organizados pola Xunta de Galicia ou Deputación Provincial. En xuño de 2025 celebrouse o Ordes Music Fest subvencionado pola Consellería de Xuventude. Entre as medidas a adoptar para favorecer o emprego ou emprendemento ofrecen asesoramento e orientación laboral a todos os mozos que o soliciten, están a realizarse convenios con centros de formación profesional e universidade para prácticas profesionais, nestes momentos hai unha persoa contratada con cargo a un programa de garantía xuvenil. Reunións con asociacións xuvenís ningunha por que na actualidade non hai ningunha destas asociacións rexistrada no concello. O orzamento é conxunto cos departamentos de educación, cultura e deportes. No ano 2025 ascendeu a 13.000 euros.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula as preguntas seguintes:

- No pleno ordinario de marzo de 2025, desde o BNG defendemos un rogo demandando ao goberno municipal, levar a cabo a elaboración por unha empresa de consultoría especializada, da diagnose de situación e usos da praza de abastos, da feira de Ordes e da feira da Adina.

No mesmo rogo, tamén facíamos referencia á existencia de subvencións para elaborar esta documentación especificamente para a praza de abastos.

O alcalde como resposta, sinalou que “xa está en tramitación, vai procederse coa súa solicitude”.

É polo que preguntamos ao Sr. Alcalde o seguinte:

¿Foi elaborada esta documentación sobre a diagnose de situación e usos da praza de abastos?.

No caso de que a resposta sexa afirmativa, ¿poden remitirnos dita documentación?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que en marzo de 2025 ao abeiro da liña de axudas da Consellería de Economía, emprego e emigración para o impulso dunha rede de mercados



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

excelentes, de dinamización e revitalización de prazas de abastos solicitouse unha axuda para a diagnose, situación e usos do mercado de abastos de Ordes. A diagnose da feira de Ordes e feira da Adina non teñen cabida nesta liña de axudas. En abril de 2025 foi concedida para a anualidade 2026 unha axuda por importe de 6.700 euros, para elaboración de diagnose, situación e usos do mercado de abastos de Ordes. En xaneiro deste ano iniciouse o expediente de contrato menor, adxudicándose o contrato a unha empresa de consultoría especializada que dispón de un prazo de seis meses para a realización do traballo, o prazo de xustificación da axuda remata o 15/09/2026. Está en tramite dentro dos prazos legais da subvención.

- No lugar de A Poza, da parroquia de Mercurín, a pista que conduce cara o punto de carga de auga dos bombeiros forestais, presenta un considerable deterioro.

Segundo nos traslada veciñanza da zona, a pista deteriorouse como consecuencia do tránsito de maquinaria para labores de corta de madeira.

É polo que preguntamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

¿Dispónse de algunha autorización para corta na zona, de acordo co estipulado no artigo 8º da ordenanza reguladora sobre prantacións e repoboacións forestais (solicitude, ingreso de fianza, ...etc.)?.

De non ser o caso ¿ten constancia o goberno municipal da situación e acordado algún tipo de tarefa para reparar o estado da citada pista?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que é moi importante cando se dean estas circunstancias que se avise ao concello ou policía local para poder actuar de xeito inmediato no caso de estar a empresa aínda traballando na zona. Non se pode responder á primeira das cuestións porque o funcionario que tramita estes expedientes está de baixa, non sendo posible facer unha comprobación no rexistro xeral. Ao longo da semana que ven daráselle traslado da resposta. Previamente é necesario identificar á empresa e a parcela na que se fixo a corta. Xa se solicitou informe da policía local para comprobación. Identificada a empresa pódese consultar o rexistro xeral para comprobar si existe unha solicitude previa e autorización no seu caso.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo ás vinte horas e nove minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE-PRESIDENTE
José Luis Martínez Sanjurjo
(asinado dixitalmente)

O SECRETARIO
Juan Luis González Iglesias